

PROTOCOLO PARA A REALIZACIÓN DE COLABORACIÓNS DE REPARACIÓN, DESEÑO E CONSTRUCCIÓN DE PROTOTIPOS CO CENTRO DE FORMACIÓN "A AIXOLA" A TRAVÉS DO CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR – FUNDACIÓN CETMAR

O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR, centro adscrito á Consellería do Mar, é unha entidade instrumental do sector público autonómico conforme á Lei 16/2010, do 17 de decembro (LOFAXGA).

Unha das accións prioritarias da Consellería do Mar no exercicio das súas funcións é a de realizar accións formativas en materia marítimo pesqueira, para ás que dispón de locais e medios que emprega tanto directamente como en colaboración con terceiros. Entre eles, o Centro de Formación "A Aixola", situado en instalacións da Autoridade Portuaria de Marín e da Ría de Pontevedra, é xestionado pola Fundación Cetmar desde 2004.

Aixola foi creado inicialmente co obxectivo de capacitar ós colectivos que abandonaban a pesca para continuar exercendo a súa actividade noutros oficios do sector marítimo. Ademais diso, constituíuse nun Centro de capacitación da comunidade costeira da súa área de influencia. As accións formativas que aquí se imparten (tamén chamadas proxecto de taller) teñen un carácter eminentemente práctico.

O último obxectivo da formación impartida é incorporar profesionais formados nesta escola ó mundo laboral, para o cal se pretende que o "proxecto de taller" sobre o que se traballan os contidos da aprendizaxe, sexa o máis real posible.

Estas prácticas, que están establecidas en cada un dos contidos dos diferentes cursos especializados impartidos no centro de formación, concrétanse na reparación ou rehabilitación de embarcacións de madeira, poliéster ou pneumáticas, velas, motores, instalacións eléctricas, tanques de acuicultura, redes e diversos materiais de uso marítimo.

O marco sobre o que se realizan as accións formativas permite que, con carácter excepcional, se admita a solicitude de reparación/rehabilitación de embarcacións, partes de embarcacións ou outros materiais, así como a colaboración para o deseño e a realización de prototipos de materiais innovadores. Estas colaboracións deben cumprir os seguintes criterios:

- **SOLICITANTE:** Debe tratarse dunha Entidade sen ánimo de lucro. No caso de Asociacións, deberán remitir a solicitude a través da Federación correspondente. Consideraranse prioritarias as solicitudes de colaboración con entidades de dereito público ou do sector público e, en particular, as que procedan das Entidades promotoras do Centro de Formación A Aixola: Consellería do Mar, Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, CETMAR e o seu padroado.
- O material que se solicite reparar ou elaborar deberá dedicarse a un fin non lucrativo, tendo preferencia aquelas pezas orientadas á preservación do patrimonio marítimo e a súa difusión, a difusión científica, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Non se poderán realizar ou reparar materiais para uso privado.
- A realización dos traballos solicitados resultará acorde ós obxectivos dos cursos e a súa execución permitirá desenvolver os contidos das accións formativas impartidas polo centro de formación "A Aixola".
- A reparación ou deseño solicitado non pode entrar en competencia con empresas privadas que realicen os mesmos servizos.
- As entidades solicitantes faranse cargo dos gastos de transporte, dos materiais necesarios para a realización dos traballos solicitados, así como de aqueles aspectos que salgan do programa formativo como planos, deseños ou proxectos en caso de que sexan requiridos.
- A data estimada de finalización dos traballos está supeditada á inclusión de dita reparación/rehabilitación dentro dos programas de formación impartidos. En ningún caso,

unha solicitude de reparación/rehabilitación cambiará a programación dos temarios establecidos de formación. En ningún caso, tendo en conta que estas solicitudes de reparación/rehabilitación se encadran dentro dun programa de prácticas formativas, se poderá deducir nin achacar que os traballos realizados teñen garantía ou responsabilidade de ningún tipo sobre o centro de formación "A Aixola" ou en ningún dos seus alumnos ou profesorado, así como tampouco se deriva ningunha responsabilidade sobre o Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR.

- A entidade solicitante será responsable do uso do material, comprometéndose a cubrir a responsabilidade civil da súa utilización.
- Indicará que os materiais foron cedidos polo Centro de Formación A Aixola en todas as actividades de difusión organizadas.
- Por último, comprometerase a enviar a documentación gráfica da exposición ou a utilización do material reparado ou cedido para a súa posible utilización en memorias de actividade ou divulgación polo organismo xestor do Centro de Formación A Aixola, así como a Consellería do Mar.

PROCEDEMENTO PARA REALIZAR UNHA SOLICITUDE:

- As solicitudes realizáranse a través do formulario establecido ó efecto no Anexo I, que incluíra o condicionado deste protocolo e a aceptación con sinatura e selo das cláusulas incorporadas.
- Unha vez recibida a solicitude realizarase unha análise previa da súa viabilidade. Para isto, os expertos docentes do centro de formación "A Aixola" emitirán un informe que verifique que dita reparación/rehabilitación se enmarca dentro dos obxectivos marcados para os cursos implicados e que realice unha aproximación de temporización, así como de materiais necesarios para a execución.
- O centro de formación "A Aixola", a través do Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR, informará á Consellería do Mar.

ANEXO I: FORMULARIO DE SOLICITUDE

1. SOLICITANTE:

NOME DA ENTIDADE			
TIPO DE ENTIDADE			
ENDEREZO			
LOCALIDADE		PROVINCIA	
TELÉFONO			
E-MAIL			
WEB			
PERSOA DE CONTACTO			
CARGO:			
TELÉFONO MÓBIL:			

2. SOLICITUDE:

- REPARACIÓN RESTAURACIÓN DESEÑO/CREACIÓN DE PROTOTIPO
 PRÉSTAMO OUTROS: _____

EXPLICACIÓN (indique o máis detalladamente posible a súa solicitude, e se ten algunha data límite para a entrega)

No caso de **PRÉSTAMOS**, indicar:

Data de entrega do material:

Data de devolución (estimada):

3. CONDICIÓN APLICABLES:

Aplican as condicións do protocolo adxunto:

- **A entidade solicitante de reparacións, restauracións, deseños e/ou creacións de prototipos non ten ánimo de lucro.** En caso de Asociacións, a solicitude de material é cursada pola **Federación correspondente.**
- **O material deberá dedicarse a un fin non lucrativo.** Non se poderán realizar ou reparar materiais para uso privado.
- **A entidade solicitante faise cargo dos custos de transporte, materiais necesarios para a realización dos traballos solicitados** así como dos aspectos que non aborde o programa formativo como planos, deseños, proxectos en caso de que sexan requeridos.
- A data estimada de finalización dos traballos está supeditada á inclusión da reparación/rehabilitación dentro dos programas de formación impartidos. **En ningún caso unha solicitude de reparación/rehabilitación cambiará a programación dos temarios establecidos de formación.**
- **A entidade solicitante será responsable do uso do material,** comprometéndose a cubrir a responsabilidade civil da súa utilización, así coma os desperfectos que se puidesen ocasionar no material.
- Ademáis, ante calquera solicitude de información, **indicará que os materiais foron cedido polo Centro de Formación A Aixola, dependente da Consellería do Mar e xestionado polo Centro Tecnolóxico del Mar – Fundación CETMAR.**
- **Así mesmo, comprométese a enviar documentación gráfica da exposición** para a súa posible utilización en memorias de actividade e/ou divulgación polo organismo xestor do CF A Aixola.

Asinado en _____, a _____ do _____

Sinatura e selo:

Aclaración:

Resposta (Cúbree o Centro Tecnolóxico do Mar – Fundación CETMAR)

Aceptada

Denegada

Motivo:

A información relacionada con datos de carácter persoal que poida conter este documento, atópase protexida nos termos esixidos polo RGPD /GDPR 2016/679, que compromete a non utilizar estes datos para fins que non sexan os estritamente necesarios para a realización do seu labor, engadindo ademais a absoluta confidencialidade e exclusividade, quedando prohibida a calquera persoa a súa revelación, copia, distribución ou o exercicio de calquera acción relativa ao seu contido.